

JEANETTE WINTER


WANGARI

y los árboles de la paz

Una historia verdadera




Ediciones Ekaró



E AS ÁRBORES DA PAZ

UNHA HISTORIA VERDADEIRA

EDICIONES EKARÉ



WANGARI VIVE BAIXO AS ÁRBORES,
Á SOMBRA DO MONTE KENIA,
EN ÁFRICA.



ESCOITA O CANTO DOS PAXAROS
NA FRAGA CANDO VAI COA SÚA NAI
A APAÑAR LEÑA.



AXUDA NA COLLEITA DA BATATA,
DA CANA DE AZUCRE E DO MILLO,
NO FÉRTIL SOLO



WANGARI ESTUDIA MOITO E GAÑA
UNHA BECA PARA SEGUIR
ESTUDIANDO EN ESTADOS UNIDOS



CANDO REGRESA Á SÚA CASA EN KENIA:
¿ONDE ESTÁN AS ÁRBORES?



AS MULLERES ANDAN ENGRUÑADAS
POIS TEÑEN QUE IR MOI
LONXE A APAÑAR A LEÑA.

NA TERRA NON MEDRA NADA.
¿ONDE ESTÁN OS PAXAROS?



CORTARON MILES DE ÁRBORES
PARA CONSTRUIR EDIFICIOS
PERO NINGUÉN PLANTOU
ÁRBORES NOVAS.

¿CONVERTIRASE KENIA NUN DESERTO?



WANGARI PENSA NA TERRA SECA.

*PODO PLANTAR ALGUNHAS ÁRBORES
NO MEU PATIO.*

E PLANTOU NOVE ARBORIÑAS



AS PEQUENAS ÁRBORES PRENDEN
E WANGARI PLANTA MÁIS.

FAI UN ALCOUBE NUN DESCAMPADO E
PLANTA UNHA FILEIRA , E OUTRA,
DE PEQUENAS ÁRBORES.




LOGO FALA COAS MULLERES DA ALDEA
PARA QUE TAMÉN PLANTEN ÁRBORES.
REGÁLALLE UNHA ARBORIÑA A CADA
UNHA.


*A NOSA VIDA SERÁ MELLOR CANDO
OUTRA VEZ TEÑAMOS ÁRBORES.*



AS MULLERES PLANTAN FILEIRAS
DE ÁRBORES QUE SE EXTENDEN
COMO UN CINTO VERDE
POR TODO O CAMPO



A NOTICIA VOA NO VENTO:
O VERDE REGRESOU Á ALDEA
DE WANGARI



AS MULLERES DOUTRAS CIDADES,
POBOS E ALDEAS DE KENIA TAMÉN
SE POÑEN A PLANTAR LONGAS
FILEIRAS DE ARBORIÑAS



PERO A CORTA DE ÁRBORES SEGUE.



WANGARI PÚXOSE DIANTE, FIRME
COMO UN CARBALLO, PARA PROTEXER
ÁS VELLAS ÁRBORES
QUE AÍNDA QUEDABAN.



OS FUNCIONARIOS DO
GOBERNO METERONNA NO CÁRCERE



PERO WANGARI NON ESTÁ SÓA.
POR TODA ÁFRICA EXTÉNDESE
A SÚA VOZ, COMO AS ONDAS
NA AUGA DO LAGO VICTORIA.



ENTÉRANSE MOITAS MULLERES
E PLANTAN AÍNDA MÁIS ÁRBORES
EN FILEIRAS CADA VEZ MÁIS LONGAS.
AS ÁRBORES MEDRAN BEN ALTAS,
E XA HAI MÁIS DE TRINTA MILLÓNS.



O VERDE BOSQUE DE KENIA

RENACE



AS MULLERES CAMIÑAN BEN
DEREITAS PORQUE AGORA
PODEN APAÑAR A LEÑA
A CARÓN DAS SÚAS CASAS



A TERRA XA NON ESTÁ SECA.

BATATAS, CANA DE AZUCRE E MILLO
MEDRAN OUTRA VEZ NA TERRA
ESCURA E FÉRTIL.



A TERRA ENTEIRA ESCOITA FALAR
DE WANGARI E DO SEU EXÉRCITO
DE MULLERES SEMENTADORAS.



E SE SUBES AO MONTE KENIA
VERÁS MILES DE ÁRBORES
MEDRANDO DEBAIXO.
VERÁS O VERDE QUE WANGARI
FIXO RENACER EN ÁFRICA.



WANGARI MAATHAI GAÑOU O
PREMIO NÓBEL DA PAZ 2004
POLA SÚA CONTRIBUCIÓN
Á PAZ NO MUNDO

NA TRADICIÓN AFRICANA UNHA ÁRBORE É UN SÍMBOLO DE PAZ

Para buscar más información sobre Wangari Maathai

http://gl.wikipedia.org/wiki/Wangari_Maathai

<http://video.google.com/videoplay?docid=9073380128599741883#>

<http://www.greenbeltmovement.org/a.php?id=460>

http://womenshistory.about.com/od/wangarimaathai/p/wangari_maathai.htm

<http://www.elpais.com/todo-sobre/persona/Wangari/Maathai/6184/>

<http://www.unep.org/billiontreecampaign/spanish/Statements/Wangari.asp>

<http://www.biografiasyvidas.com/biografia/m/maathai.htm>

<http://takingrootfilm.com/>

<http://rudaxforever.blogspot.com/2008/05/wangari-maathai-con-la-cabeza-bien-alta.html>

